



LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE

Esta materia optativa de 1º de Bacharelato trata de analizar o material construtivo da Literatura Galega dende hai un século. O nome quizais engana, no sentido de que non se trata de estudar autores nin obras, senón os elementos utilizados na nova literatura para realizala. Para isto non só se bota man da literatura galega, senón tamén doutros exemplos da literatura universal que serven para exemplificar e explicar en que consisten esas técnicas literarias. A materia divídese en varias partes: Narrativa de ficción e non ficción (novela, relato, microrrelato, artigos de opinión, ensaio, artigos xornalísticos). Literatura e outras artes (teatro, fotonovela, literatura visual, cine, banda deseñada, curtametraxe...). Poesía (evolución das técnicas e recursos poéticos, intertextualidade, novas temáticas, etc.) Nesta materia non se realizan exames. A materia consiste en explicar esas novas técnicas e recursos literarios que renovan a literatura galega dende hai un século, analizar as posibilidades dos seus usos (narradores, tempos, espazos, personaxes, etc.), comparalos cos recursossimilares empregados noutras literaturas (incluso algunhas das que beben as nosas obras) e aplicalo de forma persoal. Poderíamos dicir que se trata dun curso de práctica literaria, no que o alumno/a aprende cales son os materiais cos que se constrúe a literatura galega actual. Neste sentido, a avaliación vén dada polas prácticas literarias levadas a cabo polo alumnado, ben de forma individual, ben en grupo. Eses traballos elaborados, totalmente persoais e adaptados aos intereses ou aptitudes de cada un deles, son os que serán cualificados para obter a nota na nosa materia. En resumo, tratamos de que aquel alumnado que sente certas inquedanzas artístico-literarias encontren canles e técnicas literarias que lle axuden a encauzar eses intereses. Ao tempo, tamén procuramos que se entendan e saiban interpretar certos xeitos de facer literatura que non sempre son comprensibles para o alumno/a, e que lle pode axudar, xa que logo, no estudo literario da materia de Lingua e Literatura Galega